

**REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO**

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 31/01/2020 13:18:12

**SAIDA 1451/20**

[REDACTED]

Reclamante: [REDACTED]

Expediente. Nº **RSCTG 176/2019**

Correo electrónico: [REDACTED]

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.**

Vista a reclamación presentada por [REDACTED], en representación da [REDACTED], que tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o 3 de decembro de 2019, remitida pola Secretaría Xeral da Presidencia da Xunta de Galicia, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 28 de xaneiro de 2020, adopta a seguinte resolución:

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.** [REDACTED] en representación da [REDACTED] [REDACTED] presentou, mediante escrito que tivo entrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia o 30 de novembro de 2019 e no Rexistro do Valedor do Pobo o 3 de decembro de 2019 (remitido pola Secretaría Xeral da Presidencia da Xunta de Galicia), unha reclamación contra a Resolución do 28 de novembro de 2019, de [REDACTED] pola que se estima a súa solicitude de acceso á información pública referida a distintos aspectos económicos e organizativos da entidade.

A entidade reclamante en síntese, manifesta que a resolución que se impugna afirma que a web [www.retega.gal](http://www.retega.gal) carece de orzamento e de servidores ou servizos propios ao estar aloxada en servidores da Xunta de Galicia, que é un dato falso ou erróneo, e ocultase o convenio cunha entidade privada receptora de máis do 60 % dos sistemas web da Xunta de Galicia. De acordo coa resolución que se impugna, ninguén adica orzamento á web da entidade reclamada.

Manifesta que a Xunta de Galicia mantén actualmente unha ampla e concreta xestión en todos os servizos dixitais entre os que se atopa [REDACTED]. Se o sistema contable da Xunta de Galicia non rexistra nada respecto diso (como afirma a resolución ), existen indicios racionais de moi graves irregularidades.

O escrito viña acompañado de copia da resolución de [REDACTED] [REDACTED] do 28 de novembro de 2019 que se impugna, de diversas capturas de pantalla e copia dun Prego de prescricións técnicas da contratación da rede de [REDACTED]

**Segundo.** Con data 9 de decembro de 2019 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á [REDACTED] para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola entidade foi o 11 de decembro de 2019.

**Terceiro.** Con data 23 de decembro de 2019 a [REDACTED] contesta a petición remitindo o informe e copia da solicitude presentada pola entidade interesada e copia de contas anuais e informes de xestión e de auditoría de 2013 a 2015.

[REDACTED], considera que informou de xeito extenso, pormenorizado e exhaustivo sobre todas e cada unha das cuestións que se formulaban na solicitude de acceso a información pública, sen deixar ningunha das cuestións sen resposta. No informe remitido se reproducen as solicitudes de información e as respostas dadas a cada unha das cuestións requiridas.

Respecto das alegacións do recorrente ante a Comisión de Transparencia considera que carecen de fundamento, por canto:

- A páxina web da entidade atópase albergada en servidores propios, sendo o titular do dominio a Xunta de Galicia, polo que [REDACTED] non ten asinado ningún contrato ao respecto. Todos os contratos vixentes de [REDACTED] poden consultarse na plataforma de contratos. [REDACTED] respondeu que a web se atopa albergada en servidores propios (non que careza servidores), e por tanto carece de orzamento, e que o dominio é da Xunta de Galicia, (non que estea albergada en servidores da Xunta de Galicia).
- O reclamante introduce unha serie de cuestións na súa reclamación que nada teñen que ver con [REDACTED] posto que da URL <https://medios.xunta.gal/portada>, da Oficina Técnica da TDT e o [REDACTED] nin se solicitaba información na súa solicitude de acceso.

- Respecto a cuestionar a resposta dada á solicitude de subvencións e axudas públicas, reiteran que é público e atópase recollido nos epígrafes correspondentes das Contas Anuais (CCAA) que están auditadas, informadas, rexistradas e depositadas con carácter público no Rexistro Mercantil N°1 de Santiago de Compostela, que ████████ non recibiu nin tramitou axudas públicas. No relativo a subvencións recibidas, reflíctese nos epígrafes correspondentes das contas anuais de 2013 a 2015 que se lle remitiron á entidade solicitante, sen que se reciban subvencións de tipo algún dende o ano 2015.  
Así mesmo, non constan subvencións nin axudas públicas recibidas ou tramitadas pola entidade pública ████████ na Secretaría Xeral de Medios da Xunta de Galicia. Das contas de anualidades anteriores solicitadas (2013, 2014 e 2015) atópanse no Rexistro Mercantil e faranse públicas nos mesmos epígrafes que as anteriores, para facilitar o acceso a todo aquel que poida manifestar interese.
- Considera o informe que o recorrente esta modificando o preguntado e modificando o respostado, posto que pregunta por subvencións e axudas públicas recibidas ou tramitadas pola entidade pública ████████ na Secretaría Medios da Xunta de Galicia e non só se resposta que non constan subvencións nin axudas públicas recibidas ou tramitadas por ████████ na Secretaría Xeral de Medios, senón que tamén se informa en relación a subvención e axudas públicas que afectasen a ████████, que non recibiu nin tramitou axudas públicas nin recibiu nin tramitou subvencións dende o ano 2015.
- Respecto da afirmación do recorrente de que é falso que non existan relacións, contratos, subvencións entre a Xunta de Galicia e terceiros, en ningún caso na resolución recorrida se fixo tal afirmación.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión

da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

### **Segundo. Procedemento aplicable**

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece na súa art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación

dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

#### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Dado que segundo consta no expediente remitido, a resolución impugnada ditouse con data do 28 de novembro de 2019 e a reclamación tivo entrada no Rexistro de electrónico da Xunta de Galicia o 30 de novembro de 2019, debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

#### **Quinto.- Análise do expediente**

O interesado solicitou da [REDACTED] unha información de carácter económico organizativo e contractual, que foi respondida pola entidade mediante a remisión por unha banda, da información que non está publicada, a indicación por outra banda, mediante a remisión dos links concretos da páxinas web onde se atopa, da información que xa foi obxecto de publicación, de conformidade co disposto no artigo 22.3 da Lei 19/2013, e a explicación de que determinada documentación da solicitada non se lle pode proporcionar por que non existe (axudas públicas e subvencións posteriores a 2015, ou informes ou previsións correspondentes ás anualidades de 2019 e 2020 ), polo que considérase que [REDACTED] proporcionou a información solicitada de conformidade co disposto na normativa vixente en materia de Transparencia.

No informe da entidade, explícase que a páxina web da entidade atópase albergada en servidores propios e o titular do dominio e á Xunta de Galicia, polo que non ten asinado ningún contrato ao respecto, figurando todos os contratos vixentes de [REDACTED] na Plataforma de Contratos de Galicia.

Respecto das cuestións novas que introduce o reclamante no seu escrito de reclamación, ademais de non estar relacionadas con ██████ non poden ser obxecto da presente resolución, por canto esta debe cingirse á resposta dada por ██████ á solicitude de acceso, á información inicial, sen que caiba, en vía de reclamación, engadir novas cuestións.

A entidade reclamante non acredita o incumprimento da normativa de Transparencia na resolución impugnada, limitándose a afirmar que parte da información facilitada é falsa, e afirmando a existencia de graves irregularidades na xestión de distintos órganos da Xunta de Galicia e entidades públicas distintas de ██████, sobre as que non procede que se pronuncie a Comisión da Transparencia de Galicia por carecer de competencias para iso. Como xa se fixo referencia en anteriores resolucións desta Comisión, se a entidade reclamante ten constancia de que por parte dunha Administración se cometeron irregularidades na súa xestión, debe presentar a correspondente denuncia ante a xurisdición competente.

De acordo co anterior, e por considerar que a resolución da ██████ ██████ concedeu o acceso á información solicitada de conformidade co disposto na Lei de Transparencia, procede a desestimación da reclamación presentada ao ser a resolución impugnada conforme a dereito.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

#### **ACORDA**

**Único** : Desestimar a reclamación presentada por ██████, en representación da Plataforma en Defensa del Sector Marítimo Pesquero de Galicia (PLADESEMÁPESGA) con data do 30 de novembro de 2019, contra a Resolución do 28 de novembro de 2019, da ██████, polo que se estima a súa solicitude de acceso á información.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no

artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2020

76706870F MARIA DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)  
Firmado digitalmente por  
76706870F MARIA DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)  
Fecha: 2020.01.30 17:29:20 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño  
**Presidenta da Comisión da Transparencia.**